

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1067	Procedementos e técnicas de peiteado	2023/2024	10	293	351
MP1067_13	Cambios de forma temporal e permanente	2023/2024	10	93	111
MP1067_23	Cambios de cor	2023/2024	10	100	120
MP1067_33	Procesos técnicos combinados (cambios de forma e de cor).	2023/2024	10	100	120

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	GUADALUPE ALVARELLOS FISTEUS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual con empresas do sector de Imaxe Persoal no concello de Monforte de Lemos, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo do IES a PINGUELA.

Proxecto de FP dual coas empresas:

- Peluquería Princess
- Peluquería Alda
- Peluquería E. Belón
- Peluquería Beradel
- Peluquería Tamara
- Peluquería P&P
- Peluquería Artelis
- Peluquería 2000
- Tempus Imagen
- Peluquería Artoris
- Peluquería Córtes
- Peluquería Bolboreta
- Peluquería Mónica
- Manuel Estilistas
- Ramos Estilistas

nos que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- ¿ Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
- ¿ Especialista en análise e tratamentos capilares.
- ¿ Estilista.
- ¿ Especialista en próteses capilares e postizaría.
- ¿ Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.
- ¿ Experto/a en coidados capilares en clientela con necesidades especiais.
- ¿ Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	39	11
2	Protocolos para cambio de forma permanente .	Elabora protocolos técnicos de cambios de forma permanente, establecendo os procedementos de actuación e control do proceso.	36	11
3	Protocolos técnicos de cambio de forma temporal.	Elabora protocolos técnicos de cambio de forma temporal do cabelo, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que vanse a empregar.	36	11
4	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	39	11
5	Protocolos para coloración capilar.	Elabora protocolos técnicos de coloración capilar, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que vanse a empregar.	40	11
6	As técnicas previas aos procesos de cor e cambios de forma temporais e permanentes.	Realiza o análise capilar, as técnicas previas según os procesos, selección de cosméticos, secuencias de actuacións, particións, mistura de cosméticos, relacionandoos cos procesos de cambios de forma temporal e permanente e os procesos de cor	41	11
7	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	39	11
8	Técnicas combinadas.	Facer procesos técnicos, coordinando as operacións de cambio de forma e cor do cabelo.	41	12
9	Control de resultados	Calidade: Factores que a potencian, grao de satisfacción do cliente. Técnicas de acabado e asesoramento profesional	40	11

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	39

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora protocolos técnicos de cambio de forma permanente do cabelo, establecendo os procedementos de actuación e control do proceso.	SI
RA2 - Elabora protocolos de técnicas de cambio de forma temporal do cabelo, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que se vaian empregar.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse o protocolo de atención e recepción da clientela.
CA1.2 Recoñecéronse as fases de protocolos de procesos técnicos de peiteado.
CA1.3 Identifícanse as fontes documentais do protocolo.
CA1.4 Determináronse os parámetros de cambio de forma permanente.
CA1.5 Establecéronse as indicacións e contraindicacións na realización do cambio de forma permanente.
CA1.6 Realizouse un manual técnico de protocolos.
CA1.7 Recoñecéronse as partes do manual.
CA1.8 Diferenciáronse os tipos de cambios de forma permanente: alisadura e rizadura.
CA1.9 Descríronse as técnicas de colocación de moldes e de aplicación dos cosméticos.
CA1.10 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene nos procesos de cambios de forma permanente.
CA1.11 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección de equipamentos e utensilios aplicados aos cambios de forma permanente.
CA1.12 Realizouse o estudo da clientela analizando as súas demandas e necesidades.
CA1.13 Rexistráronse os datos obtidos na ficha técnica.
CA1.14 Determináronse as fases de execución: preparación da clientela, selección de técnicas e cosméticos segundo o estado do cabelo (natural, tinguido ou descolorado) e o procedemento.
CA1.15 Determináronse as fases de finalización e asesoramento.
CA1.16 Establecéronse os factores que afectan o resultado da ondulación permanente.
CA1.17 Realizáronse simulacións de cambios de forma permanente do cabelo seguindo o protocolo
CA1.18 Executouse o proceso de cambio de forma permanente en casos prácticos reais.

Criterios de avaliación
CA1.19 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.
CA1.20 Avaliouse o proceso de cambio de forma permanente e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.
CA1.21 Aplicáronse procedementos de hixiene, desinfección e/ou esterilización de utensilios e equipamentos.
CA1.22 Realizáronse a xestión para o control de residuos no proceso de cambio permanente, consonte a normativa.
CA2.1 Diferenciáronse as tendencias de técnicas de cambio de forma temporal.
CA2.2 Relacionáronse as indicacións e as contraindicacións dos cambios de forma temporais.
CA2.3 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección aplicados aos cambios de forma temporal.
CA2.4 Caracterizáronse os equipamentos, os aparellos e os utensilios para o cambio de forma temporal.
CA2.5 Adaptouse a temperatura e a dirección da mecha no secado.
CA2.6 Diferenciáronse os procedementos de cambio de forma temporal.
CA2.7 Realizouse unha secuencia do proceso de cambio de forma temporal.
CA2.8 Especificáronse os recursos que se vaian empregar na técnica.
CA2.9 Nomeáronse os factores que afectan o resultado da ondulación temporal.
CA2.10 Executouse un protocolo de cambio de forma temporal do cabelo.
CA2.11 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.
CA2.12 Avaliouse o proceso de cambio de forma permanente e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.
CA2.13 Realizouse a xestión para o control de residuos no proceso de cambio permanente, consonte a normativa.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.</p> <p>Fase de planificación: fontes documentais. Fundamento científico dos cambios de forma permanentes. Fundamento técnico: descrición e características dos medios e dos equipamentos, descrición e procedemento de execución das técnicas de aplicación do redutor Técnicas de hixiene, desinfección e esterilización.</p> <p>Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.</p> <p>Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades: estudo da clientela; ficha técnica. Fase de preparación e selección de técnicas e cosméticos: vantaxes e inconvenientes. Fase ou núcleo do procedemento. Fase de finalización. Fase de asesora Fase de avaliación e control. Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación permanente.</p> <p>Manual técnico de protocolos de procesos de peiteado.</p> <p>Sistemas de arquivo de manuais técnicos dos protocolos de procesos de peiteado.</p> <p>Xestión de residuos.</p>

**Contidos**

Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.

Fase de planificación. Fontes documentais. Fundamento científico dos cambios de forma temporais. Fundamento técnico: descrición e características dos medios e dos equipamentos. Descrición, tipos e procedemento de execución das técnicas de cambio de forma

Técnicas de hixiene, desinfección e esterilización.

Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.

Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades: estudo da clientela; ficha técnica. Fase de preparación e selección de técnicas e cosméticos: vantaxes e inconvenientes. Fase ou núcleo do procedemento. Fase de finalización. Fase de asesora

Fase de avaliación e control. Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación temporal. Análise das desviacións producidas no proceso. Factores que modifican a duración do cambio de forma temporal.

Sistemas de elaboración do manual técnico dos protocolos de cambios de forma temporal.

Xestión de residuos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Protocolos para cambio de forma permanente .	36

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora protocolos técnicos de cambio de forma permanente do cabelo, establecendo os procedementos de actuación e control do proceso.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse o protocolo de atención e recepción da clientela.
CA1.2 Recoñecéronse as fases de protocolos de procesos técnicos de peiteado.
CA1.3 Identificáronse as fontes documentais do protocolo.
CA1.4 Determináronse os parámetros de cambio de forma permanente.
CA1.5 Establecéronse as indicacións e contraindicacións na realización do cambio de forma permanente.
CA1.6 Realizouse un manual técnico de protocolos.
CA1.7 Recoñecéronse as partes do manual.
CA1.8 Diferenciáronse os tipos de cambios de forma permanente: alisadura e rizadura.
CA1.9 Describíronse as técnicas de colocación de moldes e de aplicación dos cosméticos.
CA1.10 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene nos procesos de cambios de forma permanente.
CA1.11 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección de equipamentos e utensilios aplicados aos cambios de forma permanente.
CA1.12 Realizouse o estudo da clientela analizando as súas demandas e necesidades.
CA1.13 Rexistráronse os datos obtidos na ficha técnica.
CA1.14 Determináronse as fases de execución: preparación da clientela, selección de técnicas e cosméticos segundo o estado do cabelo (natural, tinguido ou descolorado) e o procedemento.
CA1.15 Determináronse as fases de finalización e asesoramento.
CA1.16 Establecéronse os factores que afectan o resultado da ondulación permanente.
CA1.17 Realizáronse simulacións de cambios de forma permanente do cabelo seguindo o protocolo
CA1.18 Executouse o proceso de cambio de forma permanente en casos prácticos reais.
CA1.19 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.
CA1.20 Avaliouse o proceso de cambio de forma permanente e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.

Criterios de avaliación
CA1.21 Aplicáronse procedementos de hixiene, desinfección e/ou esterilización de utensilios e equipamentos.
CA1.22 Realizáronse a xestión para o control de residuos no proceso de cambio permanente, consonte a normativa.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.</p> <p>Fase de planificación: fontes documentais. Fundamento científico dos cambios de forma permanentes. Fundamento técnico: descrición e características dos medios e dos equipamentos, descrición e procedemento de execución das técnicas de aplicación do redutor Técnicas de hixiene, desinfección e esterilización.</p> <p>Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.</p> <p>Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades: estudo da clientela; ficha técnica. Fase de preparación e selección de técnicas e cosméticos: vantaxes e inconvenientes. Fase ou núcleo do procedemento. Fase de finalización. Fase de asesora Fase de avaliación e control. Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación permanente.</p> <p>Manual técnico de protocolos de procesos de peiteado.</p> <p>Sistemas de arquivo de manuais técnicos dos protocolos de procesos de peiteado.</p> <p>Xestión de residuos.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Protocolos técnicos de cambio de forma temporal.	36

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora protocolos de técnicas de cambio de forma temporal do cabelo, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que se vaian empregar.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Diferenciáronse as tendencias de técnicas de cambio de forma temporal.
CA2.2 Relacionáronse as indicacións e as contraindicacións dos cambios de forma temporais.
CA2.3 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección aplicados aos cambios de forma temporal.
CA2.4 Caracterizáronse os equipamentos, os aparellos e os utensilios para o cambio de forma temporal.
CA2.5 Adaptouse a temperatura e a dirección da mecha no secado.
CA2.6 Diferenciáronse os procedementos de cambio de forma temporal.
CA2.7 Realizouse unha secuencia do proceso de cambio de forma temporal.
CA2.8 Especificáronse os recursos que se vaian empregar na técnica.
CA2.9 Nomeáronse os factores que afectan o resultado da ondulación temporal.
CA2.10 Executouse un protocolo de cambio de forma temporal do cabelo.
CA2.11 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.
CA2.12 Avaliouse o proceso de cambio de forma permanente e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.
CA2.13 Realizouse a xestión para o control de residuos no proceso de cambio permanente, consonte a normativa.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.
Fase de planificación. Fontes documentais. Fundamento científico dos cambios de forma temporais. Fundamento técnico: descrición e características dos medios e dos equipamentos. Descrición, tipos e procedemento de execución das técnicas de cambio de forma Técnicas de hixiene, desinfección e esterilización.
Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.
Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades: estudo da clientela; ficha técnica. Fase de preparación e selección de técnicas e cosméticos: vantaxes e inconvenientes. Fase ou núcleo do procedemento. Fase de finalización. Fase de asesoría
Fase de avaliación e control. Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación temporal. Análise das desviacións producidas no proceso. Factores que modifican a duración do cambio de forma temporal.

**Contidos**

Sistemas de elaboración do manual técnico dos protocolos de cambios de forma temporal.

Xestión de residuos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Formación en empresa.	39

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora protocolos técnicos de coloración capilar, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que se vaian empregar.	SI
RA2 - Aplica técnicas previas aos procedementos, relacionándoas cos procesos de peiteado e establecendo a secuencia das accións necesarias.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse tons naturais de cabelo coa teoría de cor.
CA1.2 Identificouse a escala de tons naturais, os reflexos, os fondos descolorados, matices e outros con influencia nos cambios de cor.
CA1.3 Determinouse a necesidade de aplicar técnicas previas aos cambios de cor (mordentado e decapaxe).
CA1.4 Caracterizáronse os tipos de coloración capilar (temporal, semipermanente e permanente).
CA1.5 Tivéronse en conta os efectos dos colorantes na fibra capilar.
CA1.6 Analizouse a influencia do oxidante e a súa concentración nos cambios de cor.
CA1.7 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección aplicados aos cambios de cor.
CA1.8 Marcáronse as pautas de uso dos utensilios e dos produtos cosméticos.
CA1.9 Determináronse as pautas para a recepción da clientela.
CA1.10 Seguíronse os criterios para a elección dos cosméticos de cor.
CA1.11 Asociáronse as técnicas auxiliares á coloración.
CA1.12 Aplicáronse as precaucións de preparación e selección de medios e técnicas.
CA1.13 Valoráronse as tendencias de cambio de cor.
CA1.14 Seleccionáronse os recursos para a fase de asesoramento.
CA1.15 Determináronse os factores que afectan o resultado dos cambios de coloración.
CA1.16 Elaborouse un protocolo de cambio de coloración capilar.
CA1.17 Elaborouse a ficha persoal e técnica para o cambio de coloración capilar.
CA1.18 Executouse o procedemento de cambio de cor do cabelo en diferentes casos prácticos reais.
CA1.19 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.

Criterios de avaliación
CA1.20 Avaliouse o proceso de cambio de cor e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.
CA1.21 Establecéronse pautas para o control de residuos no proceso de cambios de cor.
CA2.1 Valoráronse os datos obtidos da análise capilar.
CA2.2 Realizouse a proba de sensibilidade cutánea.
CA2.3 Establecéronse os protocolos de hixiene capilar e acondicionamento previos aos cambios de forma e de cor.
CA2.4 Seleccionáronse as técnicas previas segundo o proceso de peiteado que haxa que efectuar (cambios de forma temporal e permanente, e cambios de cor).
CA2.5 Seleccionáronse os cosméticos para os procesos técnicos de peiteado.
CA2.6 Estableceuse a secuencia de actuación na aplicación das técnicas previas seleccionadas.
CA2.7 Diferenciáronse as particións do cabelo segundo a técnica posterior.
CA2.8 Preparáronse as mesturas de cosméticos.
CA2.9 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene na aplicación de técnicas previas.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.</p> <p>Fase de planificación. Fontes documentais.</p> <p>Fundamento científico dos cambios de coloración temporal, semipermanente e permanente. Teoría: fundamentos e leis. Escala de tons e reflexos. Estudo do cabelo; influencia dos colorantes e os oxidantes na fibra capilar.</p> <p>Fundamento técnico: Descrición e características dos medios e dos equipamentos. Descrición, tipos e procedemento de execución das técnicas de cambio de cor temporal e semipermanente; técnica de cambio de cor permanente total e parcial; técnica de descol.</p> <p>Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.</p> <p>Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades. Estudo da clientela: ficha técnica. Fase de preparación e selección. Fase de finalización. Fase de asesoramento.</p> <p>Fase de avaliación e control. Parámetros que definen a calidade nos procesos de coloración.</p> <p>Sistemas de elaboración do manual técnico dos protocolos de cambios de coloración capilar.</p> <p>Interpretación das características e condicións do cabelo.</p> <p>Test epicutáneo. Procedemento para a realización da proba de sensibilidade.</p> <p>Hixiene capilar e acondicionamento: Técnicas de lavado: fundamentos, fases e pautas. Masaxe capilar: técnica. Acondicionamento de cabelo. Factores que determinan a selección de cosméticos, utensilios e equipamentos.</p> <p>Técnicas previas ao proceso de cambio de forma temporal: pautas de manipulación.</p> <p>Técnicas previas ao proceso de cambio de forma permanente: particións e separacións do cabelo en función da técnica. Preparación do redutor e do neutralizante.</p> <p>Preparación do proceso de cambio de cor: criterios de selección. Selección da aparellos en función da técnica que se vaia aplicar: infravermellos, emisores de vapor e calor. Oxidante. Dilución do oxidante e outros compoñentes químicos da mestura.</p> <p>Técnicas de prepigmentación, mordentado e decapaxe: Bases científicas. Preparación da prepigmentación, do mordente e da decapaxe.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Protocolos para coloración capilar.	40

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora protocolos técnicos de coloración capilar, establecendo a secuencia de actuación e identificando os recursos que se vaian empregar.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse tons naturais de cabelo coa teoría de cor.
CA1.2 Identificouse a escala de tons naturais, os reflexos, os fondos descolorados, matices e outros con influencia nos cambios de cor.
CA1.3 Determinouse a necesidade de aplicar técnicas previas aos cambios de cor (mordentado e decapaxe).
CA1.4 Caracterizáronse os tipos de coloración capilar (temporal, semipermanente e permanente).
CA1.5 Tivéronse en conta os efectos dos colorantes na fibra capilar.
CA1.6 Analizouse a influencia do oxidante e a súa concentración nos cambios de cor.
CA1.7 Deseñáronse protocolos de hixiene e desinfección aplicados aos cambios de cor.
CA1.8 Marcáronse as pautas de uso dos utensilios e dos produtos cosméticos.
CA1.9 Determináronse as pautas para a recepción da clientela.
CA1.10 Seguíronse os criterios para a elección dos cosméticos de cor.
CA1.11 Asociáronse as técnicas auxiliares á coloración.
CA1.12 Aplicáronse as precaucións de preparación e selección de medios e técnicas.
CA1.13 Valoráronse as tendencias de cambio de cor.
CA1.14 Seleccionáronse os recursos para a fase de asesoramento.
CA1.15 Determináronse os factores que afectan o resultado dos cambios de coloración.
CA1.16 Elaborouse un protocolo de cambio de coloración capilar.
CA1.17 Elaborouse a ficha persoal e técnica para o cambio de coloración capilar.
CA1.18 Executouse o procedemento de cambio de cor do cabelo en diferentes casos prácticos reais.
CA1.19 Finalizouse o procedemento aplicando técnicas de acabado.
CA1.20 Avaliouse o proceso de cambio de cor e os resultados obtidos, e establecéronse medidas correctoras de non ser os previstos.

Criterios de avaliación
-------------------------

CA1.21 Establecéronse pautas para o control de residuos no proceso de cambios de cor.
---

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
----------

Protocolo: definición e fases para a súa elaboración.
---

Fase de planificación. Fontes documentais.

Fundamento científico dos cambios de coloración temporal, semipermanente e permanente. Teoría: fundamentos e leis. Escala de tons e reflexos. Estudo do cabelo; influencia dos colorantes e os oxidantes na fibra capilar.

Fundamento técnico: Descrición e características dos medios e dos equipamentos. Descrición, tipos e procedemento de execución das técnicas de cambio de cor temporal e semipermanente; técnica de cambio de cor permanente total e parcial; técnica de descol

Fase de recepción da clientela. Técnicas de atención á clientela.

Fase de execución: Fase de análise de demandas e necesidades. Estudo da clientela: ficha técnica. Fase de preparación e selección. Fase de finalización. Fase de asesoramento.

Fase de avaliación e control. Parámetros que definen a calidade nos procesos de coloración.

Sistemas de elaboración do manual técnico dos protocolos de cambios de coloración capilar.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	As técnicas previas aos procesos de cor e cambios de forma temporais e permanentes.	41

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas previas aos procedementos, relacionándoas cos procesos de peiteado e establecendo a secuencia das accións necesarias.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valoráronse os datos obtidos da análise capilar.
CA2.2 Realizouse a proba de sensibilidade cutánea.
CA2.3 Establecéronse os protocolos de hixiene capilar e acondicionamento previos aos cambios de forma e de cor.
CA2.4 Seleccionáronse as técnicas previas segundo o proceso de peiteado que haxa que efectuar (cambios de forma temporal e permanente, e cambios de cor).
CA2.5 Seleccionáronse os cosméticos para os procesos técnicos de peiteado.
CA2.6 Estableceuse a secuencia de actuación na aplicación das técnicas previas seleccionadas.
CA2.7 Diferenciáronse as particións do cabelo segundo a técnica posterior.
CA2.8 Preparáronse as mesturas de cosméticos.
CA2.9 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene na aplicación de técnicas previas.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Interpretación das características e condicións do cabelo.
Test epicutáneo. Procedemento para a realización da proba de sensibilidade.
Hixiene capilar e acondicionamento: Técnicas de lavado: fundamentos, fases e pautas. Masaxe capilar: técnica. Acondicionamento de cabelo. Factores que determinan a selección de cosméticos, utensilios e equipamentos.
Técnicas previas ao proceso de cambio de forma temporal: pautas de manipulación.
Técnicas previas ao proceso de cambio de forma permanente: particións e separacións do cabelo en función da técnica. Preparación do redutor e do neutralizante.
Preparación do proceso de cambio de cor: criterios de selección. Selección da aparellos en función da técnica que se vaia aplicar: infravermellos, emisores de vapor e calor. Oxidante. Dilución do oxidante e outros compoñentes químicos da mestura.
Técnicas de prepigmentación, mordentado e decapaxe: Bases científicas. Preparación da prepigmentación, do mordente e da decapaxe.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Formación en empresa.	39

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza os procesos técnicos de peiteado, coordinando as operacións de cambio de forma e cor do cabelo.	SI
RA2 - Controla o resultado final, atendendo aos requisitos de calidade do proceso e aplicando técnicas de finalización.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Realizouse o estudo da imaxe e identificáronse as demandas e as necesidades.
CA1.2 Realizouse a proposta de cambio de forma e/ou cor personalizada.
CA1.3 Xustificouse o procedemento de aplicación dos procesos coordinados de cambio de forma e cor do cabelo.
CA1.4 Determinouse a secuencia do proceso coordinado de cambio de cor e cambio de forma temporal.
CA1.5 Seleccionáronse os materiais e os cosméticos.
CA1.6 Seleccionáronse os equipamentos necesarios.
CA1.7 Estableceuse o procedemento de aplicación das operacións de cambio de forma permanente e cor do cabelo.
CA1.8 Referíronse as medidas de protección e hixiene na aplicación destas técnicas.
CA1.9 Aplicáronse operacións de cambio de cor con diversas técnicas de cambios de forma.
CA2.1 Establecéronse os parámetros que definen a calidade nos procesos de coloración.
CA2.2 Relacionáronse as técnicas de acabado coas necesidades do cabelo.
CA2.3 Relacionáronse as técnicas de finalización co proceso realizado.
CA2.4 Descríbíronse os factores que modifican a duración do peiteado.
CA2.5 Especificáronse os cuidados dos cabelos descolorados.
CA2.6 Propuxéronse as medidas para o mantemento do rizo.
CA2.7 Relacionouse o tipo de acabado co cosmético e o seu efecto visual.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Estudo da imaxe. Análise de demandas e necesidades. Proposta de cambios de imaxe.
Procesos e asociación de técnicas.

**Contidos**

Técnicas coordinadas: criterios de coordinación. Técnicas de cambios de cor coordinadas con cambio de forma do cabelo: Combinacións: cambios de cor parcial e cambios de forma permanente; cambios de cor total temporal e cambios de forma permanente, etc. Pr

Aplicación procedemental de protocolos normalizados de procesos técnicos coordinados. Procedemento e secuencia. Técnicas de aplicación.

Medidas protección da persoa usuaria e do persoal profesional: previas e posteriores á aplicación de coloración capilar ou de descoloración total ou parcial, e ao cambio de forma permanente e temporal.

Medidas para previr reaccións adversas.

Control de resultados. Calidade no servizo. Calidade no proceso. Factores que potencian a calidade. Grao de satisfacción da clientela.

Técnicas de acabado e mantemento do cabelo: relación entre estas técnicas e os procesos técnicos de cambio de cor e forma. Mantemento da cor e a descoloración. Mantemento do rizo estrutural de cabelo permanente ou temporal. Mantemento da alisadura perm

Asesoramento profesional de mantemento.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Técnicas combinadas.	41

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza os procesos técnicos de peiteado, coordinando as operacións de cambio de forma e cor do cabelo.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Realízouse o estudo da imaxe e identificáronse as demandas e as necesidades.
CA1.2 Realízouse a proposta de cambio de forma e/ou cor personalizada.
CA1.3 Xustificouse o procedemento de aplicación dos procesos coordinados de cambio de forma e cor do cabelo.
CA1.4 Determinouse a secuencia do proceso coordinado de cambio de cor e cambio de forma temporal.
CA1.5 Seleccionáronse os materiais e os cosméticos.
CA1.6 Seleccionáronse os equipamentos necesarios.
CA1.7 Estableceuse o procedemento de aplicación das operacións de cambio de forma permanente e cor do cabelo.
CA1.8 Referíronse as medidas de protección e hixiene na aplicación destas técnicas.
CA1.9 Aplicáronse operacións de cambio de cor con diversas técnicas de cambios de forma.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Estudo da imaxe. Análise de demandas e necesidades. Proposta de cambios de imaxe.
Procesos e asociación de técnicas.
Técnicas coordinadas: criterios de coordinación. Técnicas de cambios de cor coordinadas con cambio de forma do cabelo: Combinacións: cambios de cor parcial e cambios de forma permanente; cambios de cor total temporal e cambios de forma permanente, etc. Pr
Aplicación procedemental de protocolos normalizados de procesos técnicos coordinados. Procedemento e secuencia. Técnicas de aplicación.
Medidas protección da persoa usuaria e do persoal profesional: previas e posteriores á aplicación de coloración capilar ou de descoloración total ou parcial, e ao cambio de forma permanente e temporal.
Medidas para previr reaccións adversas.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Control de resultados	40

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Controla o resultado final, atendendo aos requisitos de calidade do proceso e aplicando técnicas de finalización.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse os parámetros que definen a calidade nos procesos de coloración.
CA2.2 Relacionáronse as técnicas de acabado coas necesidades do cabelo.
CA2.3 Relacionáronse as técnicas de finalización co proceso realizado.
CA2.4 Descríronse os factores que modifican a duración do peiteado.
CA2.5 Especificáronse os coidados dos cabelos descolorados.
CA2.6 Propuxéronse as medidas para o mantemento do rizo.
CA2.7 Relacionouse o tipo de acabado co cosmético e o seu efecto visual.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Control de resultados. Calidade no servizo. Calidade no proceso. Factores que potencian a calidade. Grao de satisfacción da clientela.
Técnicas de acabado e mantemento do cabelo: relación entre estas técnicas e os procesos técnicos de cambio de cor e forma. Mantemento da cor e a descoloración. Mantemento do rizo estrutural de cabelo permanente ou temporal. Mantemento da alisadura perm
Asesoramento profesional de mantemento.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MINIMOS ESIXIBLES

Son as metas que deben alcanzar os/as alumnos/ as ao finalizar o proceso de ensino e aprendizaxe. Para esta programación os mínimos exigibles son todos os desagregados nas unidades didácticas e especificados nos criterios de avaliación.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Nesta programación, todo o proceso de avaliación cuantificarase mediante un número enteiro sen decimais do 1 o 10 que englobará a suma das puntuacións ponderadas obtidas na avaliación dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais.

O baremo das diferentes actividades será o seguinte:

**TRABALLOS PRÁCTICOS:** Puntuación de 0 a 10. Ponderación 80% ( Actividades prácticas diarias 60% + exames prácticos 20%). A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas tarefas prácticas.

**PROBAS ESCRITAS:** Puntuación de 0 a 10. Ponderación 20% ( Traballos teóricos 10% + Exames teóricos 10 %). A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas probas escritas.

Será condición indispensable, para a recollida e suma de porcentaxes da nota da avaliación, alcanzar como mínimo a cualificación do 5, tanto na proba escrita coma nos traballos prácticos e a actitude.

Os alumnos /as terán que traer os seus modelos para a realización dos traballos prácticos das unidades didácticas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Este procedemento está dirixido ó alumnado que non alcanzou unha avaliación positiva global (o módulo no seu conxunto) ou parcial (de unha ou varias unidades didácticas). A non consecución das metas propostas, expresa, dalgunha maneira, o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe. En consecuencia, é importante facer un bo diagnóstico da causa do mesmo para poder afrontar, de novo, este proceso con éxito.

Este proceso de recuperación ha de propiciar aprender máis ou mellor e por tanto estarán implicados nel tanto o profesorado como o alumnado.

Incluiremos accións de dúas naturezas:

Por parte do profesorado: analizar as causas do resultado; achegar información ao ou á interesada sobre aqueles aspectos nos que non se conseguiu a aprendizaxe prevista, así como as pautas de mellora; axudar ao alumnado a que consiga mellorar o seu rendemento preparando para iso tarefas de reforzo; preparar algunha tarefa ou proba na que cada alumno ou alumna mostre a súa nova aprendizaxe.

Por parte do alumnado: analizar o seu insuficiente rendemento e as causas diso mediante tarefas de autoavaliación; aumentar o esforzo persoal; dedicar máis tempo ao estudo; repetir algunha tarefa; refacer de novo exercicios; superar algunha proba.

### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Recuperación parcial, por avaliación: As recuperacións terán carácter personalizado polo que cada alumno/a fará actividades de natureza diferente segundo o fallo ou a carencia diagnosticada no alumno ou a alumna e deberán ser, necesariamente, adaptadas a cada caso. Estas actividades de recuperación serán tarefas de reforzo (teóricas ou prácticas), coas cales o/a alumno/a demostre os seus coñecementos, e o seu desenvolvemento será ao longo da seguinte avaliación.

Recuperación global, final: Durante o mes de Marzo, realizaranse actividades de recuperación que incluírán tamén probas prácticas ou escritas das partes non superadas, a temporalización e os contidos a superar virán desagregados e especificados no informe final individualizado que se lle entrega ó alumno/a .

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non procede: non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual, alumnado que non asista ás actividades do ciclo, en tal medida que poidese orixinar a súa perda do dereito a avaliación continua.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro.

Fundamental para coñecer a situación do/a alumno/a ao comezo do curso. Utilizaranse varias estratexias para a recollida de información

1. Farase unha enquisa na que se combinen unha serie de preguntas sobre:
  - Os estudos cursados anteriormente.
  - A situación laboral do alumno/a.
  - Datos de relevancia persoal.
2. Probas prácticas curtas: a tipoloxía de estas probas estarán baseadas nas técnicas de peiteados, conceptos previos necesarios para o desenrolo da parte práctica do módulo.

Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, as actitudes e as destrezas e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

Ao comezo do ciclo formativo, o equipo docente realizara unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Nesta sesión recollerase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e tamén acerca das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa, dos/as alumnos/as. Esta avaliación en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas que se utilizarán serán de dous tipos:

Ordinarias:

Tarefas de reforzo e ampliación: En función da asimilación ou non dos obxectivos propostos, deseñaranse e realizaranse en cada unidade unha serie de tarefas de reforzo para aqueles alumnos/as que amosen dificultades na consecución das metas propostas, pola contra tamén se deseñarán actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que superan o nivel medio do grupo e alcanzan sobradamente os obxectivos da unidade.

Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos: Para traballar as tarefas de desenvolvemento e aprendizaxe utilizaremos as veces o pequeno grupo, o que posibilita o reforzo para alumnos/as con ritmo máis lento e a ampliación para alumnos/as con ritmo máis rápido. É moi importante ter en conta que en algunhas tarefas nos interesará que o grupo sexa homoxéneo e en outras non. É máis, as diferencias nos grupos provocarámoslas para alcanzar obxectivos como a integración, mellora da tarefa, reforzos de terminados de alumnos/as.

Traballo guiado e supervisado: Seguimento máis de preto do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

Extraordinarias: para aqueles alumnos/as que aínda cas medidas ordinarias non acaden as metas e non avancen no seu aprendizaxe.

Adaptacións curriculares na materia.

Coordinación co orientador/a do centro.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais se conciben como un conxunto de contidos que interactúan en todos os módulos do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta a globalidade do mesmo. Deben impregnar a actividade docente e estar presentes no aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, relacionando ós estudantes co seu entorno inmediato e real, motivando así o seu aprendizaxe.

Forma en que se traballaran os temas transversais no aula:

Educación moral e cívica, educación multicultural, educación para a igualdade de oportunidade de sexos:

Se traballará a través das tarefas e coídase o uso do linguaxe, e revisaranse os textos e as ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos.

En todas as actividades colectivas se valorarán positivamente a participación, o respecto das regras a seguir así como o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos demais.

Avaliarase ós alumno e ás alumnas con xustiza, establecendo unha relación razoable entre o que se explica e o que se esixe, trataranse en clase con consideración, axudaráselles nas dificultades co módulo, así como, nos problemas importantes que poidan condicionar o seu aprendizaxe; transmitindo así ós alumnos/as valores positivos.

Esperar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institución e técnicas. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Educación ambiental, educación para o consumo:

Informarase e aconsellarase sobre o consumo e a utilización de produtos e materiais que non agridan o medioambiente ou no seu defecto sobre os menos nocivos.

Exporanse propostas de tratamento e clasificación de envases e desfeitos para facilitar o seu posterior reciclaxe.

Educación para a saúde:

Insistindo na adquisición de hábitos de hixiene corporal.

A través do estudo das posturas ergonómicas e a realización de exercicios físicos de prevención de problemas osteomusculares.

Traballando e insistindo na importancia dos protocolos de limpeza, desinfección e esterilización.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que complementan de maneira significativa as áreas curriculares establecidas no Proxecto Curricular de Centro.

Os obxectivos para conseguir deben coincidir cos obxectivos propostos a nivel de aula.

Os contidos deberán estar en consonancia cos propios de cada área.

O desenvolvemento destas actividades supón a presenza e coordinación do profesor / titor do grupo / aula, xa que o desenvolvemento do taller debe complementar a actividade curricular que se está realizando.

As actividades complementarias que se desenvolven no centro, entre elas:

Actividades de caracterización de personaxes para samaín, entroido, etc.

Participación na caracterización, peiteado e maquillaxe de actuacións do grupo de teatro do IES A Pinguela.

Mostras de FP, en colaboración con outros institutos do val de Lemos.

Formación externa de casas comerciais sobre as últimas técnicas en coloración, cambios de forma permanente, corte, unllas, extensións, etc.

Xornadas de peiteado en residencias da 3º idade e AFAMON ( asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias )

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, e poderanse situar nos períodos de comedor ou ao termo das clases.

Son actividades que polo seu desenvolvemento non se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os/as alumnos/as.

Caracterízanse polo seu carácter voluntario, polo que ningún alumno/a pode ser obrigado a asistir ao desenvolvemento das mesmas.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasan os/as alumnos/as para a superación dos distintos ensinos que integran os plans de estudo.

Ó longo do curso o departamento programará actividades extraescolares:

Visitas a exposicións, feiras, congresos etc. de tipo profesional e cultural.

Participación no Galiciaskills, campionato galego da formación profesional.

## 10.Outros apartados

### 10.1) ENSINO A DISTANCIA

Co alumnado en casos excepcionais,utilizarase a aula virtual e/ou gloogle,correo electrónico etc.